

A hand pointing upwards with a network diagram overlay. The background is a solid blue color. A hand is shown in the center, pointing upwards with the index finger. Overlaid on the hand and the background is a network diagram consisting of several circular nodes connected by lines. Each node contains a stylized human figure icon. The nodes are arranged in a roughly circular pattern around the hand, with lines connecting them to form a web-like structure.

EOI Monforte de Lemos e sección de Chantada

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. 1. Introducción

1.1. 1.1 Datos básicos do centro

EOI de Monforte de Lemos e sección de Chantada, rúa Calvo Sotelo, 65, CP 27400, Monforte de Lemos. Dirección de correo: eoimonforte@edu.xunta.gal, páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/eoimonforte/>. Ensinanza de réxime especial: ensino de linguas: alemán, francés, inglés e italiano. Nos seguintes niveis: A1, A2, B1, B2, C1 e C2. (nalgunha lingua non se dan todos os niveis). O número total de alumnos da escola é: 244 en Monforte e 86 en Chantada. O profesorado consta de 13 profesores en total.

1.2. 1.2 Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Monforte de Lemos (na provincia de Lugo) é a capital da comarca da Ribeira Sacra, ademais de ser o segundo municipio máis poboado da provincia (18.347 habitantes no ano 2020). A EOI de Monforte, con unha sección en Chantada, conta con 13 docentes e oferta 4 idiomas: alemán, francés, inglés e italiano. Dende fai un par de anos ofértanse diversos monográficos tanto de repaso de destrezas orais como de cursos prácticos de idiomas para turismo. O alumnado da EOI Monforte é moi heteroxéneo tanto en idade (de 14 a 80 anos) como en formación. O envellecemento da poboación fai que teñamos unha proporción maior que outras escolas de persoas adultas. Un dos desafíos do noso centro é que os estudantes non se quedan en Monforte.

En canto a situación socioeconómica, cabe destacar o sector turístico. A nivel profesional, temos a sede central da cadea hoteleira Hotusa en Chantada. Nela traballan máis de 200 traballadores que necesitan formarse en idiomas. En canto a reclamos turísticos, un dos máis importantes é a Ribeira Sacra, considerada Ben de Interese Cultural, e candidata a Patrimonio da Humanidade no 2021, algo que incrementou notablemente a presenza de turistas. Pola contorna tamén pasa o Camiño de Inverno. Aínda que é unha ruta alternativa e non moi coñecida, nos últimos anosvai tomando pulso e é habitual ver peregrinos pola contorna. Todo isto fai que haxa unha constante presenza de peregrinos e turistas na zona, o que evidencia a necesidade de actualización lingüística dos traballadores da comarca para poder comunicarse de forma efectiva en idiomas estranxeiros. Outros ámbitos destacados, coma o sanitario ou o educativo, completan a súa formación en idiomas

na EOI de Monforte, tanto nos cursos ordinarios como nos especializados, o cal contribúe a un maior número de alumnado na Escola.

A Escola Oficial de Idiomas é un centro de titularidade pública, dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e inaugurada en 1991. Está situada no sur da provincia de Lugo, en Monforte de Lemos, nunha zona residencial a medio camiño entre o barrio da Estación e o Cardenal e próxima a dous institutos de secundaria, situación que beneficia ao número de matrículas.

O seu fácil acceso camiñando dende calquera punto da cidade e a posibilidade de estacionar os vehículos nunha zona próxima son características positivas na medida en que favorecen a puntualidade dos alumnos ás aulas. O bus urbano, de balde dende este ano, tamén ten unha parada xunto a escola. Porén, ao estar algo apartada do centro fai que perdamos alumnado que ten dificultades para desprazarse de xeito habitual.

O edificio é de principios do século XX e tivo diversos usos antes de ser Escola de Idiomas. Hai 9 aulas con capacidade para 30 alumnos as máis grandes.

Na planta baixa atopamos os despachos do equipo directivo: Dirección, secretaría, xefatura de estudos, así como a conserxería, 4 aulas e a sala de profesores na que se compartío o espacio dos catro departamentos. A Sala de profesores emprégase para reunións de carácter formal (Claustro, Consello escolar, Comisión de Coordinación Pedagóxica) e informal (centro de reunión dos profesores). A biblioteca foi renovada no mes de setembro de 2020 e consta dun amplo fondo de consulta e empréstito nas catro linguas de estudo, en galego, así como en variedade de libros de arte, fotografía, cociña, banda deseñada, autores/as da contorna, etc. así como material audiovisual. Os servizos de consulta en sala e préstamo a domicilio son desempeñados polos profesorado do centro e na entrada da escola o alumnado dispón dun ordenador para calquera consulta.

No primeiro andar atópanse a cociña, a aula de informática compartida co CFR e 5 aulas máis. A cociña inaugurouse fai poucos anos e nela fanse obradoiros de cociña relacionados coas linguas, salvo durante a pandemia do COVID-19, na que estivo pechada.

Na Escola de Idiomas de Monforte traballan once profesor@s e pódense estudar catro idiomas: alemán, francés, inglés e italiano. En todos eles pódese chegar ata o nivel C1. No curso 2020/2021 chegouse a impartir o C2 de alemán e no curso 2021/2022 impátese o nivel C2 de

inglés e italiano. No 2017 inaugurouse a sección de Chantada no IES Lama das Quendas. Nesta sección de momento traballan un profesor e unha profesora e só se dan clases de inglés ata C1. Cabe salientar que con certa frecuencia chama xente interesada en estudar galego, portugués ou español para estranxeiros polo que sería interesante poder ampliar a oferta de estudos na comarca.

En conxunto total contamos con trece profesores/as no persoal docente, entre a sede central de Monforte e a extensión de Chantada, e o seguinte cadro do persoal non docente: unha uxiliar administrativo (María José Suárez), unha persoa de persoal subalterno (Rosario González) e unha persoa de persoal laboral (limpeza) (María Teresa Pontón).

O equipo directivo está formado por Rosa M^a Quiroga González (directora e profesora do departamento de alemán), Vanesa Rodríguez Juiz (secretaria e profesora do departamento de inglés) e Sonia Fernández Castro (xefa de estudos e profesora do departamento de alemán). Con data de 1 de xullo de 2021 fun nombrada xefa de estudos, cargo que continúei desenrolando durante o curso 2021/2022, tras aprobar a oposición o 14 de xullo de 2021, e en substitución da anterior xefa de estudos.

O centro está aberto en horario ininterrompido de 8:30 ata 21:30 de luns a xoves e ata as 14:30 os venres. O horario das clases é de 9:30 a 11:30, de 11:30 a 13:30, de 16:30 a 18:30 ou de 19:30 a 21:30. As actividades culturais adoitan facerse de 17:30 a 19:30 de luns a xoves.

O acordado este curso no Plan Dixital e os novos medios e adaptación tecnolóxicas adquiridos durante este curso forman parte do Plan Xeral anual e do Proxecto Educativo. As decisións tomadas durante este curso no Plan Dixital tentarase levar a cabo e incluílos no Plan Xeral Anual do 2022/2023 e no Proxecto Educativo do centro. Os principais obxectivos neste respecto son:

- -Modernizar e renovar o equipamento dixital do centro.
- -Mobilizar aos profesores para actualizarse e retroalimentarse constantemente, así como para usar novas aplicacións e recursos que podan facer a aprendizaxe máis interesante.
- - Implicar ós alumnos axudándoos sempre que sexa necesario.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Normativa en relación co Plan Dixital do noso centro:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación

- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. 1.4 Proceso de elaboración

A elaboración do Plan Dixital desenvolveuse durante o curso 2021-2022 dentro do curso PFPP L2131002- PFPP 2021/2022 27016421.

Os docentes que forman o grupo do Plan Dixital son os seguintes:

Calvo Bárez, Francisco Javier

Fernández Castro, Sonia

Martínez Sabugo, María del Camino

Pastor Varela, Iago

Quiroga González, Rosa María

Rodríguez Juiz, Vanesa

Rodríguez Rodríguez, María Remedios

Sánchez Díaz, Rocío

e a persoa coordinadora é: Sánchez Vázquez, Natalia.

Para a elaboración usáronse tanto o mail como a Aula Virtual, na que figura un curso específico chamado 'Plan dixital' e onde se colgan os documentos unha vez rematados para que todos os integrantes os teñan a súa disposición.

Asemade, para a elaboración dos distintos documentos fixéronse reunións periódicas na que a colaboración de todo o profesorado implicado foi total. Unha vez que os documentos estaban rematados, revisábase e volvíase a pasar a todos integrantes por si querían engadir ou mudar algún dato e unha vez que estaba todo rematados se entregaron as tarefas correspondentes.

Durante todo o proceso a persoa mentora ADIX3 do equipo da zona Lugo2, M.^ª Jesús Casado Barrio apoiou a todo o grupo aportando ideas e resolvendo dúbidas para completar as distintas tarefas.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais


- O centro ten conectividade por cable que soe funcionar no 99% dos casos sen problema pero atópase só en equipos directivos, conserxería, administración e aula 11. As demais aulas e espazos do centro dispoñen de Wi-Fi da Consellería de Educación. Neste ámbito hai moitos cortes na rede e ás veces a conectividade non é de todo efectiva e dificulta as clases non podendo fiarse da rede para o uso das distintas plataformas dixitais e actividades motivadoras na aula. O alumnado, por máis que se pediu, non recibe acceso da Consellería á rede Wi-Fi do centro.
- Equipamento disponible:
Aulas con taboleiros dixitais son as seguintes : Aula 3, 7, 8 e 10.
Espazos con monitores interactivos grandes: Aula 11 e biblioteca (os monitores interactivos que se poden desprazar atópanse un en cada planta e pódese levar e usar na aula que o precise ou solicite). As restantes aulas dispoñen todas de alomenos 1 equipo informático e proxector e pantalla móbile.
A biblioteca do centro dispón do monitor interactivo (xa citado anteriormente) e de 2 equipos informáticos con rede, 1 para profesorado e empréstito e outro a disposición do alumnado. Asemade contamos no centro con 4 portátiles e 3 tablets para uso de profesorado e alumnado onde se requira.
Os equipos directivos dispoñen cada un dun equipo propio.
A administración dispón dun equipo propio así como o persoal subalterno tamén dispón dun equipo propio.
A aula 11 dispón de 3 equipos a maiores conectados por cable.
A sala de profesores dispón de 3 equipos , 1 conectado por cable e 2 conectados por Wifi.
Hai a disposición do alumnado na entrada outro equipo con impresora.
Todos os equipos están conectados á fotocopiadora do centro.
- Servizos dixitais educativos: páxina web do centro, aula virtual, CentrosNet, redes sociais (Facebook e Instagram)

- Xestión do mantemento do equipamento do centro: coordinadora TIC (Rosa M^a Quiroga) e Iago IPR (informático e empresario).
- Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC:
www.edu.xunta.gal/centros/eoimonforte/ ([EOI de Monforte](#) | [\(xunta.gal\)](#))

2.2. 2.2 Fontes empregadas para a análise DAFO

Resumen de las áreas

Media de las respuestas por cada grupo (equipo directivo, profesorado y alumnado) para cada una de las 8 áreas.



SELFIE

Test CDD:

2. Resultados

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
CENTRO	74,2	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

A puntuación media no TestCDD do seu centro foi de 74,2 sobre 192, polo tanto obtivo un nivel Integrador/a (B1).

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
--	--------------------------------------	----------------------	---	---------------------------------

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
Explorador/a (A2)	5	41,7%
Integrador/a (B1)	5	41,7%
Experto/a (B2)	2	16,7%
TOTAL	12	100,1 %

Dos 12 docentes do seu centro que participaron no testCDD obtemos os seguintes resultados:

- 5 teñen un nivel de competencia dixital Explorador/a (A2), é dicir, o 41,7%.
- 5 teñen un nivel de competencia dixital Integrador/a (B1), é dicir, o 41,7%.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	Nº profesorado que participa	Nº profesorado total	% de participación
Definitivo	2	2	100%
Interino	8	9	88,9%
Provisional	1	2	50%
Substituto	1	2	50%

Do persoal Definitivo:

Realizaron o test 2 docentes do total de 2 que foron convidados neste perfil. É dicir participou o 100% do profesorado Definitivo.

2.3. 2.3 Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Existencia e emprego de taboleiros dixitais na maioría das aulas.	C3: Insuficiente acceso a internet. C5: Insuficiente asistencia técnica C7: Insuficiente información sobre a política de Protección de Datos. C8 e C10: Insuficientes dispositivos dixitais para o aprendizaxe do profesorado e do alumnado.
	PERSOAL DOCENTE	A5: Suficiente comunicación interna e externa. D2: Suficiente participación en proxectos E1: O profesorado busca, analiza e utiliza recursos dixitais en liña	G1 / G7 : Baixo uso das tecnoloxías para avaliar ao alumnado e para a retroalimentación en diversos aspectos. E3: O profesorado pensa que non utiliza o suficiente os entornos virtuais.
	PERSOAL NON DOCENTE	Boa disposición para o uso de ferramentas dixitais.	
	ALUMNADO	H8: O alumnado aprende a comunicarse usando tecnoloxías dixitais.	F: Insuficiente coñecemento dunha parte do alumnado das ferramentas dixitais básicas. F4: Insuficiente implicación do alumnado para o uso das ferramentas dixitais.

FAMILIAS	Boa comunicación co alumnado a través de Centros.NET, Moodle ou a través do correo electrónico.	Alumnado de algunhas zonas do municipio non dispoñen de acceso de calidade a internet (cortes continuados na rede, mala cobertura...)
OFERTA	Ofértanse cursos monográficos e talleres noutras linguas. Clubs de lectura e de conversa coa auxiliar de lingua.	
ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Existen dispositivos dixitais para posibilitar trámites administrativos, por exemplo, matriculación, etc. Existencia dun servidor propio para compartir recursos, intranet.	A1: Desactualizada estratexia dixital.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Importante aposta pola mellora tecnolóxica dos centros educativos. Suficiente oferta de formación para o profesorado.	A4: Insuficiente tempo para que os docentes podan explorar novas modalidades no ámbito dixital. A localización do centro produce unha excesiva mobilidade do profesorado o que dificulta a participación en proxectos.
	LEXISLACIÓN	Forte aposta legislativa pola introdución da tecnoloxía dixital.	C7: Insuficiente información da política de Protección de Datos. Excesiva lexislación e en constante cambio.
	CONTORNA		Inexistencia de ANPA

<p>ANPA</p>	<p>Participación en actividades do Plan Director con formación sobre a seguridade no ámbito dixital.</p>	
<p>OUTRAS ENTIDADES</p>	<p>B3: Sí existe colaboración con outras entidades (Concello, Biblioteca municipal...) D2: Excelente participación en proxectos internacionais. Moi boa participación con outras escolas e institucións. Suficiente financiación para recursos dixitais.</p>	<p>H1: Non existe formación sobre o uso seguro das ferramentas dixitais.</p>

3. 3. Plan de Acción

3.1. 3.1 Obxectivos, indicadores e accións

Ver táboas.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Prácticas de avaliación (G)						
OBXECTIVO 1: (1)	Avaliación continua do alumnado e retroalimentación a través de Moodle (items G1* e G3*)				Acadado	
Responsable:	Coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Porcentaxe de docentes que usan a Aula Virtual como ferramenta para a avaliación continua do alumnado e retroalimentación					
Valor de partida: (3)	10%					
Valor previsto e data: (4)	70%			22/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Crear un grupo de traballo encargado da formación e apoio sobre o uso da Aula Virtual	Coordinador TIC	1 outubro 2022	Acta reunión		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Potenciar o uso da Aula Virtual entre o profesorado por medio do envío de notificacións periódicas.	Coordinado dixital Profesorado do grupo de traballo	30 marzo 2023	Aula Virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Crear un documento compartido no que o profesorado valore periodicamente o uso que fixo para avaliar e dar retroalimentación na Aula Virtual.	Profesorado do grupo de traballo	1 outubro 2022	Ordenador compartido (Servidor)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

*G1: Avaliación das capacidades. G3: Retroalimentación axeitada.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Pedagogía: Implementación na aula (F)						
OBXECTIVO 2: (1)	Empregar actividades de aprendizaxe que fomenten a participación dixital do alumnado (item F5*)				Acadado	
Responsable:	Xefatura de estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Porcentaxe de docentes que empregan polo menos unha narración dixital ou similar cada cuatrimestre.					
Valor de partida: (3)	10%					
Valor previsto e data: (4)	60%			22/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Solicitar formación, a través dun PFPP, para desenvolver narracións dixitais ou similar	Xefatura de estudos	1 outubro 2022	Convocatoria do PFPP		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Crear un banco de actividades de narración dixital para cada lingua	Grupo de traballo TIC	15 setembro 2022	Ordenador compartido (servidor)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Crear modelos para cada lingua de narración dixital	Grupo de traballo TIC	20 outubro 2022	Software de narración dixital Modelos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.4: Posta en común das estratexias usadas para crear a narración dixital	Todos os docentes	20 outubro 2022	Acta de reunión		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.5: Posta en común dos resultados e proposta de mellora de modelos	Todos os docentes	20 xaneiro 2023	Acta de reunión		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

*F5: Colaboración do alumnado

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Desenvolvemento Profesional Continuo (D)							
OBXECTIVO 3: (1)	Formar sobre a política de Protección de Datos e sobre o uso seguro das ferramentas dixitais (item D2*)					Acadado	
Responsable:	Xefatura de Estudos					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Porcentaxe de docentes con formación en protección de datos e uso seguro de ferramentas dixitais						
Valor de partida: (3)	0%						
Valor previsto e data: (4)	80%				22/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO3.1: Dar formación, a través de un PFPP, sobre protección de datos e uso seguro de ferramentas dixitais	Xefatura de estudos	31 marzo 2023	Programa de PFPP para o curso 2022-2023		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO3.2: Involucrar ao profesorado para que participe no curso.	Xefatura de estudos	Curso 2022/2023	Aula Virtual Acta de reunión		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

*D2: Desenvolvemento profesional continuo

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Colaboración e interconexión (B)						
OBXECTIVO 4: (1)	Colaborar con outras entidades para desenvolver a competencia dixital (item B3*)				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de colaboracións con outras entidades					
Valor de partida: (3)	0 colaboracións (charlas, obradoiros...)					
Valor previsto e data: (4)	2 colaboracións (charlas, obradoiros...)			31/03/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Solicitar a expertos en recursos dixitais charlas sobre como usar os recursos na ensinanza e aprendizaxe de linguas (para alumnos e profesores)	Equipo directivo	31 de marzo 2023	Convocatoria de charlas Solicitud de charlas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Solicitar obradoiro para o uso de ferramentas dixitais na aprendizaxe de linguas	Equipo directivo	31 de marzo 2023	Aula con ordenadores Convocatorio de obradoiro Socitud de obradoiro		Realizada Aprazada Pendente	

_B3: Colaboracións

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Competencias dixitais do alumnado (H)							
OBXECTIVO 5: (1)	Promover o uso da Aula Virtual do centro por parte do alumnado					Acadado	
Responsable:	Xefatura de estudos					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Nº sesións de titoría dedicadas ao desenvolvemento de actividades na aula virtual						
Valor de partida: (3)	0 sesións de titoría						
Valor previsto e data: (4)	2 sesións de titoría				15/12/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)	
AO5.1: Programar datas	Xefatura de estudos	15 decembro 2023	Acta de reunión			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO5.2: Involucrar ao alumnado por medio de notificacións	Docentes	15 decembro 2023	Aula virtual Correo electrónico			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO5.3: Realizar sesións de titoría	Docentes	15 decembro 2023	Recursos dixitais da aula			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: E. Pedagogía: apoio e recursos.						
OBXECTIVO 6: (1)	O profesorado non utiliza o suficiente as contornas virtuais. (Item E3*)				Acadado	
Responsable:	Coordinación TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Nº reunións do profesorado para compartir experiencias e recursos					
Valor de partida: (3)	0 reunións do profesorado para compartir experiencias e recursos					
Valor previsto e data: (4)	4 reunións do profesorado para compartir experiencias e recursos			22/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO6.1: Programar datas	Coordinación TIC	1 Outubro 2022	Acta reunión		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.2: Involucrar ao maior número de docentes posible nas reunións	Coordinación TIC	1 Outubro 2022	Acta reunión		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.3 Facilitar a máxima información aos compañeiros sobre experiencias cos recursos dixitais (páxinas webs, apps, software...)	Docentes	20 maio 2023	Acta reunión		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.3 Crear un cartafol no que se vaian introducindo os novos recursos dos que se falou.	Coordinación TIC	1 outubro 2022	Ordenador compartido (servidor)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

E3: Emprego de entornas virtuais de aprendizaxe

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Infraestruturas e equipamento (C)							
OBXECTIVO 7: (1)	Actualizar os dispositivos dixitais do centro					Acadado	
Responsable:	Persoa secretaria					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Porcentaxe de dispositivos actualizados						
Valor de partida: (3)	0%						
Valor previsto e data: (4)	50%				22/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO7.1: Inventariar e avaliar o estado do equipamento dixital do centro	Persoa secretaria	1 novembro 2023	Listaxe de dispositivos		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO7.2: Actualizar e propoñer melloras dos dispositivos dixitais.	Coordinador TIC Secretaria	30 maio 2023	Listaxes Propostas		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

C2: Dispositivos dixitais para o ensino

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Colaboración e redes (B)						
OBXECTIVO 8: (1)	Aumentar o emprego da AV do centro para o debate entre os docentes (item B2*)				Acadado	
Responsable:	Coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Porcentaxe de participación do profesorado no foro de comunicación da AV					
Valor de partida: (3)	0% de participación do profesorado nun foro común de debate					
Valor previsto e data: (4)	70% de participación do profesorado nun foro común de debate			22/12/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO8.1: Crear na AV un curso para 'Debate ou comunicación interna'	Coordinador TIC	15 setembro 2023	Aula Virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO8.2: Crear un foro de participación no curso de 'comunicación interna'	Coordinador TIC	15 setembro 2023	Aula Virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO8.3: Involucrar ao profesorado na participación do foro	Coordinador TIC	15 outubro 2023	Aula Virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

*B2: Debate sobre o uso da tecnoloxía.

Axuda para completar as táboas:

(1) Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART” que sexan:

- a. **Específicos (Specific)**, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como.
- b. **Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado.
- c. **Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero posibles;
- d. **Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa.
- e. **Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No contexto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** o **Non acadado**).

(2) INDICADORES: Permitirán avaliar a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e respostar a escalas numéricas.

(3) VALOR de PARTIDA: Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) da situación inicial do centro

(4) VALOR PREVISTO: Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar cunha **data** límite para acadalo.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

(5) DESCRIPCIÓN: Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).

(6) RESPONSABLES: Son as persoas implicadas e responsables de cada acción.

(7) DATA PREVISTA FIN : Data concreta na que se espera finalizaría a acción completamente.

(8) RECURSOS NECESARIOS: Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas orzamento,..)

(9) VALORACIÓN DA ACCIÓN: No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.

(10) ESTADO: Utilizar esta mesma táboa para reflectir de xeito rápido na avaliación do Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento.

3.2. 3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas.

Con respecto á mellora de infraestrutura tecnolóxica a EOI Monforte precisaría:

- -3 portátiles para elaboración de probas (2 para a sección de Chantada xa que os profesores desprázanse a Monforte e teñen que depender en Chantada das instalación do instituto) con boa tarxeta de son para traballar co programa de audio Audacity.
- -1 cabina que nos aise do ruído para poder grabar o son correctamente.
- -8 monitores interactivos para 8 das aulas, xa que non dispoñen de pizarra dixital e co monitor pódese interactuar máis facilmente.

- -13 micrófonos portátiles, un por profesor para poder interactuar cos alumnos que asistan ás clases por Webex.

-É fundamental unha mellor conexión a internet, así como unha resolución rápida e eficaz por parte da UAC en caso de calquera incidencia na rede

4. 4. Avaliación do plan

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. 5. Difusión do plan

O plan dixital difundiríase principalmente a través das redes sociais que emprega a escola (Instagram e Facebook), así como entre os membros do claustro e alumnado. É fundamental que toda a comunidade educativa coñeza os medios dos que dispón para o seu ensino en aprendizaxe e un uso correcto de todos os medios tecnolóxicos. Para isto precisaríase de formación para o profesorado, por exemplo no uso de cámaras de bluetooth, uso de micrófonos, uso correcto dun portátil, etc. para que á súa vez poida resolver ao alumnado calquera tipo de dúbidas: emprego de portátil, aula virtual, etc.

Este plan foi presentado ao Claustro o día 28 de xuño de 2022.

e foi aprobado polo Consello Escolar o día 28 de xuño de 2022.